

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2023 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 9 de febreiro de 2023, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de construción do itinerario peonil na contorna do enlace da AG-4.1 coa PO-504.*

Antecedentes:

Con data do 23 de agosto de 2022, publícase no *Diario Oficial de Galicia* número 159 o Anuncio do 4 de agosto de 2022 polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil na contorna do enlace da AG-4.1 coa PO-504, de clave PO/21/068.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 9 de febreiro de 2023, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de construción do itinerario peonil na contorna do enlace da AG-4.1 coa PO-504, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de confirmidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2023

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas



## ANEXO

**Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 9 de febreiro de 2023, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de construción do itinerario peonil na contorna do enlace da AG-4.1 coa PO-504**

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de construción do itinerario peonil na contorna do enlace da AG-4.1 coa PO-504, de clave PO/21/068.06, sen modificacións respecto ao trazado sometido a información pública.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de construción do itinerario peonil na contorna do enlace da AG-4.1 coa PO-504, de clave PO/21/068.06.

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Sanxenxo, en que se asentan as infraestruturas obxecto do proxecto, deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, en que se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de construción implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, se for o caso, se puidesen aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

